



Facultade de Filoloxía

MEMORIA ANUAL

ANO 2015

SUMARIO

A. Inicio do curso e titulacións

B. Accións desenvolvidas para a garantía de calidade nas titulacións impartidas no centro

1. Plano de acción tutorial (PAT)
2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SIGIC)
3. Plano de Viabilidade para as titulacións Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.
4. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020)

C. Accións relativas ás infraestruturas e servizos

1. Adquisición de material informático e audiovisual
2. Actuacións xerais
3. Medición de gas radón

D. Accións desenvolvidas no ámbito da extensión universitaria

1. Actividades organizadas pola comisión
 - 1.1. Premio literario
 - 1.2. Letras Galegas
 - 1.3. Despedida das promocións
2. Actividades organizadas polo profesorado
3. Outras actividades

E. Estado actual e actividades do servizo de biblioteca

1. Fondos
2. Persoas usuarias e sistema de empréstitos
3. Persoal e bolsas de colaboración
4. Instalacións e equipamentos
5. Traballos no RUC
6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca
 - 6.1. Traballo técnico
 - 6.2. Formación
 - 6.3. Outras actividades

F. Mobilidade e internacionalización

1. Visitas de profesorado doutras universidades
2. Profesorado participante da facultade
3. Alumnado implicado nos programas
4. Convenios asinados

A. INICIO DO CURSO E TITULACIÓNS

No outono do ano 2015, a coincidir co inicio do ano académico 2015-2016, tivo lugar a implantación dos programas de simultaneidade no centro. Con estes itinerarios, unha persoa, matriculándose xa no primeiro curso ou até accedendo no terceiro, pode estudar cursando 324 créditos dúas titulacións de grao daquelas ofertadas na facultade en só cinco anos. As combinacións posíbeis son as seguintes:

- a) Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- b) Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios
- c) Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

Esta posibilidade de estudos, aprobada na Xunta de Facultade na súa reunión ordinaria de 24.02.2015, tivo, no xeral, unha moito boa acollida e presumibelmente fixo que a matrícula aumentase de xeito notábel (*vid. infra.*). Pode accederse á información completa para cursar un programa de simultaneidade na páxina web (*vid. <http://www.udc.es/filo/graos/simultaneidade/index.html>*) e a unha descrición máis ao pormenor tamén na Rede (*vid. <http://estudios.udc.es/gl/degrees>*).

Ao mesmo tempo, tamén neste curso 2015-2016 se ofertou por primeira vez na Facultade de Filoloxía a posibilidade de cursar unha dupla titulación internacional para o *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios* (*vid. http://www.udc.es/filo/estudiantes/mobilidade/doble_grao/index.html*), despois de se asinar un convenio entre a UDC e University of South of Wales; a normativa particular para este titulación foi debidamente actualizada e aprobada na reunión ordinaria da Xunta de Facultade do día 22.12.2015 (*vid. “Normativa específica” en http://www.udc.es/export/sites/udc/filo/_galeria_down/mobilidade/2016_2017/PROCEDEMENTO-FILOLOXxA.pdf*).

B. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA A GARANTÍA DE CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

No momento actual, como consecuencia das directrices académicas provenientes de Boloña e en tamén como produto do proceso de renovación pedagóxico-docente, concédese moita relevancia ás medidas que implementan a calidade no ensino superior. A Facultade de Filoloxía non é allea a esta realidade e desenvolve regularmente determinadas actividades, ao paso que planifica estratexias de forma a garantiren a antecitada calidade. Ese conxunto de medidas, en síntese, tivo os seguintes eixos de actuación:

- (1) Plano de Acción Titorial (PAT)
- (2) Sistema de Garantía Interna de Calidade
- (3) Plano de Viabilidade para as titulacións *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*
- (4) Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020)

1. Plano de acción tutorial (PAT)

Como é sabido, a implantación do PAT na Facultade de Filoloxía iniciouse no ano académico 2007-2008 coa participación do profesorado que leccionaba aulas no primeiro curso das licenciaturas. Desde entón, o PAT do centro atendeu progresivamente cada ano académico un número maior de estudantes, xa que foi atribuído titor ou titora a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas antigas licenciaturas en *Filoloxía Galega*, *Filoloxía Hispánica* e *Filoloxía Inglesa* (con docencia e asignación de titor/a até ao curso 2012-2013), hoxe extintas, quer nos tres graos ministrados desde o ano académico 2009-2010 na Facultade: *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*. Neste ano, como consecuencia da implantación dos programas de simultaneidade, tamén foi atribuído titor ou titora a cada persoa matriculada neles.

Ao mesmo tempo, tamén desde ese ano 2009-2010, o PAT envolveu o alumnado que se matriculou nos diversos mestrados do centro ao longo dos últimos tempos, en parcería ou non con outras institucións académicas: *Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións* (MILA), xa extinguido; *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais* (MULUP), igualmente tamén extinto; e *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD), na actualidade suspendido provisoriamente mais de reimplantación no curso académico 2016-2017 con dous itinerarios, galego-portugués e español. No ano académico 2014-2015, o PAT continuou a ser unha ferramenta estratéxica para acompañar o estudantado matriculado nas titulacións de posgrao, de forma que a todo o alumnado dos mestrados lle foi asignado igualmente un titor ou unha titora. Hai que lembrar aquí que no comezo do curso 2013-2014 tamén se incorporaron ao PAT o *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (MIEIAA), ben como o *Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada* (MILA).

Todo este proceso de asesoramento do estudantado tivo como principais consecuencias as seguintes: en primeiro lugar, o Plano de Acción Tutorial conseguiu abranxer todo o alumnado da facultade xa desde o ano 2010. E en segundo lugar, derivado da implantación progresiva dos catro cursos de cada grao e dos diversos mestrados, o número de docentes que participa no PAT conseguiu acrecentarse progresivamente, moito embora fose devagariño: de 36 persoas no curso académico 2011-2012 pasouse para 37 no ano 2012-2013, para 43 no ano 2013-2014 e para 44 no curso 2014-2015. Por último, vira preciso deixarmos constancia de que a proposta do Plano de Acción Tutorial (2014-2015) foi aprobada en Xunta de Facultade na sesión ordinaria do día 29.09.2014, ao paso que o PAT para o ano curso 2015-2016 foi aprobado na reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada en 15.07.2015.

Nesta mesma reunión, comentouse que se celebrou un encontro (16.06.2015) de titores e titoras PAT do centro de forma a avaliar o desenvolvemento do Plano de Acción Tutorial da Facultade durante o curso 2014-2015 e achegar suxestións para a redacción do PAT 2015-2016. Nese encontro, lembrouse que as entrevistas son unha oportunidade que o titor ou a titora ofrece, mais que a asistencia do alumnado non constitúe unha obriga, e sinalouse que o estudantado con problemas ou que

quixer realizar unha consulta sabe que pode dirixirse ao seu titor ou titora e adoita facelo. A totalidade do profesorado asistente á reunión patenteou a súa conformidade para continuar a exercer funcións titoriais no curso 2015-2016. No tocante ao PAT para ese curso, as persoas asistentes propuxeron unha modificación para que se mude o parágrafo da sección 6 (Modelo organizativo) relativo ás entrevistas grupais, de maneira que se diga explicitamente que se trata dunha posibilidade que o profesorado ofrece, non unha obriga por parte do alumnado titorizado.

Como conclusión xeral, hai que ponderar moito en positivo o desenvolvemento do PAT e o esforzo que supón. A través deste programa, conséguese proporcionar ao estudantado un acompañamento totalmente personalizado desde que ingresa no primeiro ano na titulación até que finaliza os estudos, o que redundará favorabelmente no desenvolvemento da docencia. Porén, é certo que nos encontros que mantén periodicamente o profesorado que participa no programa co Sr. Vicedecano de Calidade, Carlos Caetano Vizcaíno Fernández, como o celebrado en 16.06.2015, se reitera con relativa frecuencia que ás veces un sector do estudantado se mostra reticente a se integrar completamente no PAT; isto tradúcese, non raro, na súa inasistencia ás reunións programadas polo titor ou titora, pois tórnase un feito bastante habitual que nalgún momento se deixe de acudir a esas citas. Mais, a pesar de todo, o PAT é sentido xeralmente como unha relevante actuación que facilita a relación co alumnado e que se torna unha práctica innovadora que favorece a adopción de medidas para aprimoraren a docencia.

2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)

Como cada ano académico, durante o curso 2014-2015 realizouse a versión e actualización de certos procedementos e anexos do Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro, para seren incorporadas nas actuacións estratéxicas aquelas melloras que foran recomendadas pola ACSUG, ben para ser incluído na sección de apoio un órgano encargado de analizar os datos presentados anualmente polo Sr. Vicedecano de Calidade. Canto ao desenvolvemento do proceso de seguimento dos títulos, a Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías organizou durante o ano 2015 varias reunións explicativas co persoal de calidade dos centros, ás cales asistiu sempre o Sr. Vicedecano responsábel da calidade, Carlos Caetano Vizcaíno Fernández.

A respecto do número de encontros mantidos pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía, convén sinalarmos que se reuniu coa periodicidade precisa para que o seu funcionamento fose satisfactorio, cun alto grao de asistencia, participación e produtividade. Unha desas reunións tivo lugar no día 02.06.2015 en convocatoria ordinaria e nela acordouse aprobar a proposta de modificacións do MCLD elaborada pola comisión específica creada ao respecto (con algunhas pequenas mudanzas no descriptor de dúas materias), mais non se puideron aprobar as propostas de mellora derivadas da análise realizada perante as queixas recibidas por parte do estudantado porque o docente a que facían referencia non remitira esa análise; neste sentido, só se puido acordar que o profesor responsábel da materia en que se centraban as queixas procedese a actualización da Guía Docente para o curso 2015-2016. Unha outra reunión destacada da CEC foi celebrada no día 09.07.2015, na cal se realizou o seguimento do Sistema de Garantía Interno do Centro.

No que di respecto ao Informe anual de centro sobre a satisfacción e expectativas dos grupos de interese (definido nos procedementos PA03 e PM01), a análise dos indicadores relativos a necesidades, expectativas e satisfacción (PA03) da avaliación da aprendizaxe (PC07) e da mobilidade do estudiantado (PC08) será realizada a partir do mes de setembro, que será cando a CEC dispuxer dos datos procesados pola Unidade Técnica de Calidade. No entanto, os membros da CEC procederon a analizar os seguintes indicadores, achegando as propostas que se recollen a seguir de cada un deles:

a) PC02-Revisión e mellora dos títulos oficiais: para alén da proposta de modificación do *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade*, a CEC considerou que non cómpre realizar ningunha outra proposta relativa a este procedemento. A *Memoria de verificación* deste título foi aprobada na Xunta de Facultade do día 29.06.2015 e remitida á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. Porén, tamén foron solicitadas a maiores por este órgano unha *Memoria xustificativa* e unha *Memoria económica* do antecitado mestrado, as cales tamén foron remitidas en 21.07.2015.

b) PC03-Perfís de ingreso/egreso: a CEC considerou que é preciso consolidar a práctica no inquérito ás institucións e empresas receptoras de alumnado en prácticas; neste sentido, aproba solicitar de novo á UTC un modelo de inquérito e, relativamente ao plano de captación de estudantes de novo ingreso, propón difundir a oferta de simultaneidade dos graos da Facultade e desenvolver o plano de captación de alumnado incluído na revisión do *Plano de Viabilidade do Grao en Galego e Portugués*.

c) PC05-Orientación a estudantes: a CEC acordou manter as “Xornadas de orientación laboral” e a “Xornada de acollida de alumnado novo” (*vid. infra.*) e resolve propor a actualización do PAT do centro para o 2015-2016 coas suxestións propostas polos/as titores/as na reunión de avaliación do PAT 2014-2015; decidiu tamén preguntar ao profesorado con licenza sabática sobre a súa decisión de continuar a titorizar o seu alumnado de anos precedentes durante o tempo de licenza ou delegar esa responsabilidade noutro/a docente.

d) PC06-Planificación e desenvolvemento do ensino: decidiuse instar a equipa decanal e as coordinadoras dos graos a lembraren ao profesorado a necesidade de adecuar as guías docentes aos requisitos en materia de competencias e resultados de aprendizaxe.

e) PC09-Prácticas externas: a CEC acordou proceder como até agora coas prácticas curriculares e proseguir coa convocatoria continuada de prácticas extracurriculares dos graos. No referente a estas, adxudicáronse vagas no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos, no xornal *La Opinión A Coruña*, na Biblioteca Miguel González Garcés e na ONG Viraventos; ficaron desertas as prazas en Hércules de Ediciones e a segunda das ofertadas na Biblioteca Miguel González Garcés. As prácticas estendéronse até finais do mes de agosto. Canto aos convenios para a realización de prácticas externas, por último, foron asinados máis dous, o primeiro coa fundación OXFAM Intermón e o segundo coa Fundación Wenceslao Fernández Flórez, do cal poderán derivar, entre outros, acordos para a realización de prácticas do alumnado dos graos ou dos mestrados.

f) PC12-Información pública: acordouse instar a equipa decanal para manter os mesmos criterios de difusión pública da información que se empregaron nos últimos cursos.

Así pois, no marco da aplicación e desenvolvemento destes PC02, PC03, PC05, PC06, PC09 e PC13 relativamente ás propostas de mellora no marco do seguimento das titulacións, traballouse en varias liñas estratéxicas e leváronse a cabo diversas actuacións específicas. Entre as máis relevantes, sobrancean as seguintes:

- a) Actualización do “Plano de seguimento dos egresados”.
- b) Actualización e celebración da *Xornada de Acollida* para o alumnado internacional, celebrada o día 3 de setembro de 2015.
- c) Actualización e celebración das *Xornadas de Acollida* destinadas ao estudantado de novo ingreso, as cales tiveron lugar durante os días 7-11 de setembro de 2015 (*vid. infra*).
- d) Actualización semanal da composición dos grupos a ter en as persoas que se ían matriculando ou que solicitaran xustificadamente mudanza de grupo, o que se sinala pertinentemente na páxina web e nas portas das salas de docencia; as últimas revisións foron efectuadas e expostas no día 16.11.2015 (1º de grao) (*vid. http://www.udc.es/export/sites/udc/filo/galeria_down/grupos_estudantes/2015_2016/2015_2016_Grupos_Graos_1.pdf*),
- e) Armazenamento, análise e incorporación ao SGIC das peticións, suxestións, queixas, parabenizacións e comentarios diversos que chegan por parte do alumnado e do profesorado en calidade de evidencias.
- f) Asistencia por parte do Sr. Secretario Xosé Manuel Sánchez Rei ás *XXIII Xornadas de Orientación Universitaria e Laboral* (celebradas durante o mes de abril no CUR e organizadas polo Concello da Coruña e polo Centro Municipal de Información Xuvenil), en que se deu conta, fundamentalmente, das titulacións de grao e de mestrado existentes no centro, dos programas da simultaneidade, dos convenios con universidades estranxeiras e das posibles saídas laborais e profesionais no marco dos estudos lingüísticos e literarios.
- g) Celebración e recepción das visitas organizadas arredor do programa “Visita o teu campus” (promovido polo SAPE), nas cales foi presentado o funcionamento da facultade ao alumnado de varios centros de ensino secundario do país: dotacións, equipa decanal, instalacións, posibles saídas profesionais, interrelación da facultade coa vida económica e cultural da comarca etc. (*vid. infra*).
- h) Celebración no día 23.04.2015 en horario de 16h30 a 20h30 e por petición expresa do centro, dunha aula de formación do profesorado para uso da Plataforma Moodle da UDC, na cal se inscribiu unha vintena de docentes.
- i) Divulgación na maior parte dos centros de ensino secundario do país, e nomeadamente dos da comarca, das titulacións leccionadas na Facultade, quer a través de visitas realizada a eses liceos, quer mediante o envío de información e materiais ou até a través do correo electrónico (*vid. infra*).
- l) Dotación e actualización de salas con equipamento multimedia e renovación de materiais.

- m)** Elaboración de material informativo destinado a estudantes de bacharelato e de graos en que se informa das titulacións (graos e mestrados) que se ofertan no centro, ben como dos programas de simultaneidade.
- n)** Elaboración dun formulario específico destinado ao alumnado que por unha causa xustificada se vise na obriga de solicitar mudanza de grupo no primeiro curso ou modificar a súa inclusión no inicialmente asignado, o que costuma producirse nas primeiras semanas do curso, e habilitación duns días específicos no inicio deste para poder levar a cabo esta solicitude.
- ñ)** En harmonía co punto anterior, potenciamento da información ao estudantado sobre o TFM a través da actualización dunha sección específica para os TFM na páxina web da facultade (http://www.udc.gal/filo/mestrados/MLCD/2014_2015/MLCD/traballos_fin_grao/index.html).
- o)** Encaixamento da distribución en grupos e da nova proposta horaria para a correcta adaptación á posta en andamento dos programas da simultaneidade.
- p)** Entrevistas, en varios medios de comunicación locais ou nacionais, de diversos membros da equipa decanal para explicaren o funcionamento dos programas de simultaneidade e da dupla titulación do Grao en Inglés coa University of South of Wales (Cymru).
- q)** Fortalecemento da distribución, no primeiro curso dos graos, dun grupo específico (D) para aquelas persoas que se matricularen fóra dos prazos iniciais, en harmonía coas recomendacións da ACSUG, en que tal proceder foi epigrafado como “boas prácticas”.
- r)** Potenciamento, seguindo a práctica do curso académico 2013-2014, da información ao estudantado sobre o TFG, o que implicou a actualización da sección específica para os TFG na páxina web da facultade (http://www.udc.gal/filo/graos/2014_2015/traballos_fin_grao/index.html).
- s)** Promoción das titulacións ministradas no centro en institucións estranxeiras e sinatura de convenios ou reforzo destes para o recoñecemento de duplas titulacións nalgúns graos e mestrados; eses contactos tiveron lugar nomeadamente coa University of South of Wales, coas Adam Mickiewicz e Jagiellonian (Polonia), coa Universidade do Minho (Portugal), coa universidades de Xerusalén (Hebrew University of Jerusalem, Israel), coa de Universidade de Varsovia (University of Warsaw, PL WARSZAW01), coa Universidade de Breslavia (PL WROCLAW01 – University of Wroclaw) e co Instituto Federal do Rio Grande do Norte (Brasil).

Igualmente, de forma a dar cumprimento ao PA03 do SGIC (Procedemento de Apoio 03: satisfacción, expectativas e necesidades) foron xestionados os inquéritos de satisfacción do PDI, PAS e alumnado do centro correspondentes ao ano 2014-2015, en harmonía coas indicacións da UTC (<http://enquisas.sic.udc.es>). Os resultados foron analizados pola CEC, que os considerou no xeral satisfactorios, embora mellorábeis.

3. Plano de Viabilidade para as titulacións *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*.

Na Xunta de Facultade celebrada de 17.12.2014 aprobouse o documento coñecido como *Plano de Viabilidade*, elaborado expresamente, á petición da Xunta de Galiza, para as titulacións *Grao en Galego e Portugués* e *Grao en Español*. O texto

foi exposto e comentado na Comisión de Estratexia e Calidade (11.12.2014) e na Comisión Permanente (04.12.2014) e coas achegas recibidas foi pendurado na plataforma ALFRESCO para os membros da Xunta de Facultade teren acceso a el e faceren as suxestións que consideraren oportunas. Os eixos nucleares do *Plano* poden sintetizarse nos seguintes aspectos:

- a) A necesidade de conseguir alumnado de primeira matrícula para os dous graos citados, dada a tendencia a baixa que se leva detectando nos últimos tempos. A este respecto, pode afirmarse que este primeiro obxectivo foi totalmente conseguido, segundo se deduce dos datos de matrícula para o ano académico 2015-2016¹: Grao en Inglés, 70 persoas; Grao en Español, 26; Grao en Galego, 14; Programa de simultaneidade do Grao en Inglés & Español, 17; Programa de simultaneidade do Grao en Inglés & Galego e Portugués, 3; Programa de simultaneidade do Grao en Español & Galego, 6; Canto á matrícula para acceder no terceiro ano aos programas de simultaneidade, as cifras corresponde ás que se seguen: Programa de simultaneidade do Grao en Inglés & Español, 10; Programa de simultaneidade do Grao en Inglés & Galego e Portugués, 7; Programa de simultaneidade do Grao en Español & Galego, 2.
- b) Dadas as experiencias positivas levadas a cabo noutras titulacións na UDC, a posta en andamento da simultaneidade para cursar dúas titulacións de grao ao mesmo tempo (*vid. supra.*), co que, en cinco anos e cunha carga docente de 324 créditos, unha persoa conseguiría dous títulos. Tamén este segundo aspecto foi atinxido na súa totalidade, xa que no ano académico 2015-2016 comezou a implantación dos programas de simultaneidade na Facultade de Filoloxía cunha moito boa acollida na comunidade universitaria e nos medios de comunicación do país.
- c) A posta en andamento de duplas titulacións con universidades estranxeiras, na liña do comentado máis arriba, pensadas tanto para os graos como para os mestrados. Do mesmo modo, atinxiuse igualmente esta meta ao teor dos convenios asinados con diversas institucións do exterior (*vid. supra.*).

Despois da súa remisión á ACSUG, esta emitiu un informe positivo para o *Grao en Español* e un outro negativo para o *Grao en Galego e Portugués*, o que fixo necesaria a realización dunha resposta en forma de “Adenda”. A información completouse no mes de outubro cos novos datos de matrícula, expostos máis arriba en (a). A “Adenda” só foi acrentada ao *Plano de Viabilidade* para o *Grao en Galego e Portugués*, que foi o que contou con avaliación negativa por parte da ACSUG, a pesar de ter máis puntos fortes que respectivo informe emitido para o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios.

4. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020) (PE)

Canto ao PE, ratificouse na reunión da Xunta de Facultade do día 17 de decembro de 2014. Na CEC de 09.07.2015 avaliouuse o grao de cumprimento do *Plano* (en harmonía co procedemento estratéxico PE03 do SGIC e constatouse o cumprimento satisfactorio deste *Plano* até á altura, ben como da falta de necesidade de definición de planos de mellora.

¹ Cifras extraídas dos datos de matrícula no día 13.10.2015 e expostas na Xunta de Facultade na súa reunión ordinaria de 14.10.2015. Durante as semanas seguintes a esta houbo mudanzas nos números totais debido ao estudantado que se incorporou nos vos prazos de matrícula ou que modificou as súas preferencias iniciais.

C. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

No xeral, os edificios en que se acha a Facultade de Filoloxía consérvanse nunhas relativas boas condicións e dispoñen dunhas adecuadas instalacións, o que non obsta para que, con todo, non se fagan necesarios determinados labores de actualización e de reparación. Así pois, as actuacións levadas a cabo neste marco estiveron orientadas primordialmente polo principio de melloraren e modernizaren as infraestruturas xa existentes, ben como pola ansia de solucionaren algunhas eivas conxunturais que foron xurdindo e de arranxaren determinados desperfectos que foron aparecendo de maneira esporádica ao longo do ano.

Para dar conta de todo isto, dispúxose dun orzamento de 10.660 € correspondente á partida 625000 (moblaxe e equipamento), o cal, por causa da quitazón de 35% causada pola situación económica da UDC —estabelecida pola resolución da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas e da Xerencia da UDC (10.09.2015)— ao non ingresar a Xunta da Galiza o diñeiro que debía, pasouse para unha cantidade de 6.992 €. Ao mesmo tempo, para as reparacións de carácter ordinario relativas aos edificios, ás instalacións ou aos seus servizos, contouse cun total de 8.450 €, contía que, tamén despois de lle ser aplicada a quitazón de 35%, ficou en 5.492 €, na presente memoria unicamente se sinalarán aquelas actuacións máis relevantes desenvolvidas nese marco.

Canto ás liñas de traballo de que se ocupou a Comisión de Infraestruturas e Servizos, tiveron os seguintes ámbitos de operatividade:

- (1) Adquisición de material informático e audiovisual
- (2) Actuacións de carácter xeral
- (3) Medición de gas radón

1. Adquisición de material informático e audiovisual

Entre as compras efectuadas ao longo do ano 2015, convén resaltarmos a adquisición de material audiovisual e informático para a sala 2.4 por iniciativa do Centro de Linguas. Tamén foi instalado un computador, proxector, cadro branco e monitor para a docencia sala 2.9 a cargo do Centro de Linguas, e duns cabos para a conexión de portáteis e dun reprodutor de DVD.

2. Actuacións xerais

Por outra parte, ao longo do ano foron levadas a cabo outras accións desenvolvidas nas instalacións do centro, especialmente en labores de manutención. Merecen ser salientados os seguintes:

- a) Adquisición dunha mesa baixa axeitada para o espazo de bandas deseñadas.
- b) Arranxo das as filtracións existentes, nomeadamente nos gabinetes do quinto andar.
- c) Arranxo dos estantes desmontados que hai almacenados, se for posíel, e instalación deles nos espazos baleiros do depósito, ou, caso non se puidese, adquisición de novos estantes.

- d) Arranxos practicados en varias cubertas e caleiros.
- e) Campaña de retirada/reutilización de material informático, inicialmente destinado ao uso de bolseiras e bolseiros e á reparación de equipas informáticas con algunha deficiencia.
- f) Campañas de desinsectación.
- g) Colocación de fechaduras aos armarios e móbeis da Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor”.
- h) Estudo para o curso 2015-2016 da previsión de gastos de subministracións imprescindíbeis (baños, tubos fluorescentes etc.) e, por outra parte, da previsión para gasto de material de oficina e fotocopias do profesorado con docencia na facultade.
- i) Instalación na cafetería do centro dun forno microondas.
- l) Liberalización de diversos materiais, xa dados de baixa, que permanecen aínda nos armacéns do centro.
- m) Limpeza do depósito de caldeiras
- n) Reasignación do uso dos espazos nalgunhas zona do centro
- ñ) Reorganización, durante o período sen docencia das últimas Ferias de Nadal (decembro de 2014 – xaneiro de 2015), do horario de calefacción nas salas (andares 1 e 2) coa finalidade de aforrar enerxía e diñeiro.
- p) Reparación da porta principal.
- q) Revisión e manutención xeral do sistema eléctrico.
- r) Seguimento e, cando posíbel, reparación dalgunhas fendas e humidades detectadas no interior do edificio.

3. Medición de gas radón

Conforme foi pertinentemente sinalado en varias reunións da Xunta de Facultade, ao longo do curso académico 2014-2015 foron efectuadas diversas medicións de gas radón por parte do Laboratorio de Radioactividade Ambiental da UDC. Após as últimas verificacións, este fixo chegar chegar os resultados definitivos de novas medicións, os cales indican que, coa ventilación regular que se está a realizar, son axeitados os niveis de gas radón achados no centro, de maneira que a Conserxaría puido voltar ao seu emprazamento inicial en finais do mes de decembro de 2015.

D. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía (CCEU) é consciente de que, para alén das actividades docentes, a vida académica abranxe necesariamente a organización de eventos culturais, investigadores e de transferencia do coñecemento. Estas accións serven non só para a socialización dos membros da comunidade universitaria, isto é, estudantado, profesorado e PAS, mais tamén como promoción da propia facultade e das titulacións que se leccionan nela e, en último caso, tamen da mesma Universidade da Coruña. Por todo isto, após o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, a CCEU tentou apoiar todas as propostas que lle foron chegando desde os diversos sectores do centro e procurou manter todas aquelas iniciativas tradicionalmente organizadas pola facultade, aplicando os criterios utilizados nos últimos tempos. O orzamento de que dispuxo foi de 8120 € para o ano 2015 e, grazas ás xestións e actuacións da equipa decanal, conseguiuase que non se alterase pola quitazón de

35% xa referida máis arriba. A CCEU celebrou un total de tres reunións (13.03.2015, 25.03.2015 e 27.05.2015).

Mais os actos organizados dentro do marco da extensión universitaria non se cinxiron unicamente ás actividades promovidas pola CCEU, pos é preciso facermos notar que un importante sector do profesorado coordinou ou dirixiu diversos eventos de singular suceso. Así, as principais epígrafes en que se poden resumir todos eses labores son as seguintes:

- (1) Actividades organizadas pola CCEU
- (2) Actividades coordinadas polo profesorado
- (3) Outras actividades

1. Actividades organizadas pola comisión

1.1. Premio literario

O primeiro acto que debe ser ponderado é o *Premio de Creación Literaria e Ensaio*. No marco deste, foron celebrados varios eventos eventos que se sinalan a seguir:

- a) Edición, publicación e distribución do *XXI Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2014.
- b) Convocatoria do *XXII Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2014.
- c) Fallo público do *XXII Premio* e recital, coa intervención do escritor Suso de Toro (13.05.2015).

1.2. Letras Galegas

Xunto ao antecitado premio, está a Celebración do Día das Letras Galegas 2015, este ano dedicado a Xosé Filgueira Valverde. Para celebrar a efeméride, foi organizada unha mesa redonda no día 13.05.2015 intitulada *Visións Alternativas do día das Letras Galegas* e moderada polo escritor Suso de Toro, a cal contou coa participación de Ánxela Lema (representante da Plataforma A Segá)), Marcos Maceiras (Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística), Moncho do Orzán (representante de Ora Galega / Comité pro Centenario das Irmandades da Fala) e Nel Vidal (representante da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua).

1.3. Despedida

No día 19 de xuño, ás 18h00, tivo lugar o acto de despedida das promocións do *Grao en Español, Grao en Galego e Portugués* e *Grao en Inglés* na Aula Magna do centro. Interviñeron a Sra. Vicerreitora Relacións Internacionais e Cooperación da UDC, D^a Natalia Álvarez Lata, e a Sra. Decana, D^a María Jesús Lorenzo Modia. Tamén houbo intervencións dos padriños e das madriñas dos tres graos, ben como de representantes do estudantado das tres titulacións.

2. Actividades organizadas polo profesorado

Son aquí incluídas as conferencias, congresos, xornadas etc. en que a organización correu fundamentalmente ao cargo do profesorado da facultade ou dos grupos de investigación que traballan no centro, ben como aquelas outras que tiveron lugar nas instalacións. Entre tales actividades, cómpre lembrarmos as seguintes:

- a)** Celebración do *III Congreso Internacional de Poesía. Estudiar, ensinar y hacer poesía en el siglo XXI. Sobre el extremo límite. La poesía, los poemas, los poetas* (09-11.12.2015), organizado polo grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina da UDC.
- b)** Conferencia pronunciada por Mariano de la Campa (Universidade Autónoma de Madrid), intitulada “La creación de la prosa en romance desde los inicios hasta Alfonso X” (20.11.2015), so a organización do grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina.
- c)** Celebración do Seminario *Biblioteca Digital Siglo de Oro (BIDISO): Logros y proyectos de futuro* (19-20.11.2015), coordinado polo grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina.
- d)** Ciclo *New Trends in English Studies XI*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC:
- Conferencia impartida por Rosario Arias Doblás (Universidade de Málaga), co título “Victorian Spiritualism and Literature: An Overview” (18.11.2015).
 - Conferencia a cargo de Socorro Álvarez (Universidade de Oviedo), co título “New Women, Old Women, Bluestockings, Flaneurs and Suffragettes” (16.11.2015).
- e)** Proxección do documental *Contextualizando a Filgueira Valverde* e posterior coloquio con Santiago Teijelo, coautor da obra (29.10.2015).
- f)** Conferencia lida por Antonio Ávila (Universidade de Málaga), intitulada “¿Qué hace interesante a la lingüística?” (28.10.2015), organizada polo Grupo LYS do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- g)** Conferencia impartida por Anne Goarzin, Directora do *Center for Breton and Celtic Studies* (Universidade de Rennes 2), co título “The Arts in Northern Ireland” (13.10.2015) e so a coordinación do Instituto de Estudos Irlandeses Amergin da Universidade da Coruña.
- h)** Conferencia a cargo de Yann Bevan, Director do *Center for Irish Studies* (Universidade de Rennes 2), intitulada “Ireland from the Empire to the Celtic Tiger” (13.10.2015) e organizada polo Instituto de Estudos Irlandeses Amergin da Universidade da Coruña.
- i)** Ciclo *New Trends in English Studies XI*, coordinado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa:
- Conferencia pronunciada por Ana María Ramos García (Universidade de Granada), so o título “Tips to Become an EFL Teacher” (05.10.2015).
- l)** Celebración do *II Congreso Internacional da Rede de Lexicografía “A Lexicografía, unha necesidade actual”* (05-07.10.2015), organizado pola rede interuniversitaria galega RELEX.
- m)** Ciclo *New Trends in English Studies XI*, so a coordinación do Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa:
- Conferencia a cargo de Margarita Estévez Saá (Universidade de Santiago de Compostela), intitulada “Nineteenth-Century Ghost Stories by Women?” (28.08.2015).
- n)** Conferencia de Guillermo Carrascón (Universitá degli Studi di Torino) intitulada “Los novellieri italianos y su influencia en la literatura europea” (22.08. 2015) e organizada polo grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

ñ) Ciclo *New Trends in English Studies XI*, coordinado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa:

Conferencia impartida por Andreas Mueller (University of Warwick), intitulada “Robinson Crusoe and its context” (07.08.2015)

o) Celebración do *Obradoiro BilinSig. Bilingüismo lingua de signos / lingua oral: retos y perspectivas* (17-18.07.2015), organizado pola Profa. Dra. Esperanza Morales López.

p) Celebración do *Workshop on Spanish Learner Corpus Research* (14.07.2015), so a coordinación polo Grupo LYS do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

q) Ciclo *Xornadas Internacionais de Lexicografía. Ferramentas lexicográficas ao servizo do usuario na era dixital*, organizado pola rede RELEX.

Conferencia lida por María Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela), co título “Elaboración de un diccionario didáctico fraseográfico” (03.06.2015).

r) Conferencia impartida por Luiz Ruffato, intitulada “Uma literatura na periferia do mundo” (07.05.2015), coordinada polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

s) Ciclo sobre o DRAE organizado polo Grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina:

-Conferencia de Álvaro Porto Dapena (Universidade da Coruña) intitulada “Tratamiento de las letras en la última edición del DRAE”. (07.05.2015).

-Conferencia de Manuel Casado Velarde (Universidade de Navarra), so o título “La innovación léxica en el DRAE 2014: los criterios académicos y su aplicación” (07.05.2015).

t) Celebración do *Encontro Novas tendencias na investigación lingüística no espazo galego-portugués* (08.05.2015), so a coordinación do Grupo ILLA do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística:

u) Ciclo *Xornadas Internacionais de Lexicografía. Ferramentas lexicográficas ao servizo do usuario na era dixital*, coordinado pola rede RELEX.

Conferencia impartida por Manuel González González (Real Academia Galega / Universidade de Santiago de Compostela), intitulada “O labor de TERMIGAL” (22.04.2015).

v) Celebración do *Seminario Internacional Mary Hays and Women’s Biographies* (22-24.04.2015), organizado polo Grupo de Investigación Literatura e Cultura Inglesa Moderna e Contemporánea e pola Rede Rede de Investigación “Lingua e Literatura Inglesa e Identidade II”

x) Ciclo *New Trends in English Studies XI*, baixo a coordinación do Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa:

-Conferencia de Malgorzata Godlewska (Ateneum University Gdansk), co título “Trauma Theory in Contemporary British Fiction” (14.04.2015).

-Conferencia de Hadrian Lankiewicz (University of Gdansk), so o título “Developing Language Awareness” (14.04.2015).

-Conferencia pronunciada por Catherine Jaffe (University of Texas), intitulada “Gender Translation, and Eighteenth-Century Women

Dramatists: Elizabeth Griffith and María Lorenza de los Ríos, Marquesa de Fuerte-Híjar” (15.05.2015).

z) Conferencia impartida por Juan Carlos Conde (Universty of Oxford), co título “Confictos entre género y autoridad a fines del XV en Castilla: el caso de Teresa de Cartagena” (17.04.2015), organizada polo Grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

a’) Conferencia de Luís Dávila, intitulada “A idea do humor e a súa relación coa identidade galega” (16.04.2015), so a organización do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

b’) Celebración da actividade *No galego cabe o mundo. Maratona de lectura de textos traducidos para o galego* (inugurada no día 13.04.2015), coordinación da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía.

c’) Celebración do ciclo *Glosa de José Antonio Pascual* (25.03.2015), coordinado polo Departamento de Filoloxía Española e Latina.

d’) Conferencia impartida por José Antonio Pascual (Real Academia Española), intitulada “Las ventajas de un diccionario histórico” (25.03.2015) e organizada polo Departamento de Filoloxía Española e Latina.

e’) Ciclo *Xornadas Internacionais de Lexicografía. Ferramentas lexicográficas ao servizo do usuario na era dixital*, coordinado pola rede RELEX:

-Conferencia de María Teresa Sanmarco (Universidade de Santiago de Compostela), intitulada “A pragmática en auxilio do dicionario: as palabras culturais na lexicografía italoespañola” (23.03.2015).

-Conferencia impartida por María José Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela), co título “Perfil do usuario para o dicionario do século XXI” (19.03.2015)

f’) Ciclo *New Trends in English Studies XI*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa:

Conferencia de Kevin Mills, intitulada “Shakespeare’s *As You Like It*” (19.03.2015).

g’) Celebración do Seminario *Cultura galega e edición na Arxentina* (16.03.2015), coordinado polo Grupo ILLA do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

h’) Conferencia de Séverine Grélois (Universidade de Paris-Est Créteil), co título “El canto de Orfeo: Garcilaso en Nápoles” (12.03.2015) e so a organización do grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

En síntese, perante as actividades realizadas, débese salientar tanto a cantidade de actos levados a cabo canto a diversidade da súa natureza, o que redunda de modo altamente positivo na oferta académica, cultural e investigadora de que é capaz de organizar o profesorado.

3. Outras actividades

No ano 2015, finalmente, foron desenvolvidas diversas actividades de orientación ao estudantado e de promoción das titulacións, e, ao mesmo tempo, tamén se realizaron diversas visitas de varios centros de ensino á Facultade. Todas estas proxeccións dan continuidade a aquelas que se levan realizando nos últimos anos.

As visitas que tivo a Facultade de Filoloxía desenvolvéronse ao abeiro do programa “Visita o teu Campus” (*vid.* https://www.udc.es/sape/futuros_estudiantes/) desde xaneiro até ao mes de abril de 2015 e teñen como destinatario fundamental o alumnado da ESO (de 3º e 4º), do Bacharelato e da Formación Profesional. Preténdese con estas actividades que o futuro estudanado universitario coñeza directamente nas propias facultades, da man do profesorado e do alumnado, os títulos de grao que se imparten na UDC, neste cao os leccionados na Facultade de Filoloxía; nese marco, pois, as visitas que se recibiron foron as seguintes:

- | | |
|---|-----------------|
| a) IES Leixa (Ferrol, A Coruña) | (16.01.2016) |
| b) IES Carballo Calero (Ferrol, A Coruña) | (16.01.2016) |
| c) IES David Buján (Cambre, A Coruña) | (29.01.2016) |
| d) IES de Ponteceso (Ponteceso, A Coruña) | (06-07.02.2016) |
| e) PP Escolapios – Calasanz (A Coruña) | (13.02.2016) |
| f) IES Isaac Díaz Pardo (Sada, A Coruña) | (27.02.2016) |
| g) IES Monte das Moas (A Coruña) | (05.03.2016) |
| h) IES Sabón (Arteixo, A Coruña) | (12.03.2016) |
| i) IES Mixto de Elviña (A Coruña) | (12.03.2016) |
| l) IES A Pinguela (Monforte, Lugo) | (09.04.2015) |
| m) IES Alfonso X O Sabio (Cambre, A Coruña) | (10.04.2016) |
| n) IES Ramón Cabanillas (Cambados, Pontevedra) | (16.04.2016) |

Relativamente a actividades máis específicas, pensadas nomeadamente para a información do alumnado, sobrancen as seguintes, algunhas organizadas conxuntamente coa Comisión de Relacións Internacionais da Facultade de Filoloxía:

- a)** Sesión informativa co esudantado sobre o dobre Grao en Inglés (UDC-USW) (14.12.2015).
- b)** Xornada de orientación laboral “Profesións para filólogo@s: tradución e videoxogos” (28.10.2015).
- c)** Sesión informativa sobre as prácticas para o alumando dos graos (28.10.2015).
- d)** Xornadas de acollida para novo alumnado de 1º (07-11.09.2015).
- e)** Xornadas de acollida para alumnado internacional (03.09.2015).
- f)** Reunión informativa co alumnado sobre o dobre Grao en Inglés (Universidade da Coruña-University of South of Wales) (19.03.2015).
- g)** Xornada de Orientación Laboral “Traballando coa comunidade xorda na aprendizaxe de linguas desde idades temperás” (04.03.2015).
- h)** Xornada de acollida para estudantes internacionais / Welcoming session for international students (04.02.2015).

Canto aos programas de mobilidade, entre as actuacións desenvolvidas pola Oficina de Relacións Internacionais da UDC e a Comisión de Relacións Internacionais, deuse publicidade ás convocatorias dos programas “Erasmus+” e “Bilateral”. Ao mesmo tempo, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filololoxía e o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, tivo lugar a resolución do *VII Premio de tradución ao galego de textos científico-técnicos* nas modalidades inglés-galego e galego-inglés e francés-galego e galego-francés (25.06.2015). En último lugar, no tocante a outras actividades coordinadas

polo alumnado, merecen pórse de relevo o “Congreso estudiantil *Canon, educación y literatura*”, celebrado en 04-05.04.2015.

E. ESTADO ACTUAL E ACTIVIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

O ano 2015 supuxo importantes mudanzas no funcionamento normal da biblioteca da Facultade, entre as cales hai que salientar a importante redución do orzamento para a adquisición de material bibliográfico e a introdución da factura electrónica. Do punto de vista económico, convén sinalarmos que existen dous momentos nos orzamentos da UDC para a adquisición de fondos bibliográficos.

a) En xaneiro, o orzamento para material bibliográfico asignase só á partida de biblioteca (6130-122B-62800) e a cantidade é de 29.809€, o que supuxo unha redución de 50 € Créase unha nova partida para publicacións periódicas, dotada con 100€e desaparece a asignación para a adquisición de material bibliográfico do Centro de linguas. A comisión de biblioteca decide gardar a proporcionalidade co reparto feito en anos anteriores e acorda que 30% desta cantidade ficase como gasto centralizado da biblioteca e que 65% fose repartido entre as áreas con docencia en graos e mestrados na Facultade.

b) En setembro de 2015 comunícase aos centros a aplicación dunha nova redución do crédito, nesta ocasión de 10.433,15€(en total 35%). A comisión de biblioteca decide repartir o diñeiro que fica entre as diferentes áreas, exacto a Área de Filoloxía Inglesa, que xa consumirá todo o seu orzamento.

En síntese, os datos numéricos son o seguintes:

a) Orzamentos para fondos bibliográficos

TOTAL PARTIDA	29.809
Biblioteca (centralizado, 35%)	10.433,15€
Áreas de coñecemento (65%)	19.375,85€

b) Outros orzamentos:

Orzamento FUAC	
Total partida	1.544,66€
Orzamento de investigación (grupos, proxectos)	
Total partida	16.041,18€
Orzamento material de oficina	
Total partida	1.048,45€

Para alén de asuntos fundamentalmente económicos, o funcionamento da biblioteca pode explicarse a partir das seguintes epígrafes:

- (1) Estado dos fondos
- (2) Persoas usuarias
- (3) Persoal e bolsas de colaboración
- (4) Instalacións e equipamentos
- (5) Tarefas desenvolvidas na biblioteca

1. Estado dos fondos

A compra de material bibliográfico corresponde a solicitudes feitas polo profesorado para apoio á investigación e á docencia, a títulos de bibliografía recomendada nas guías docentes, a solicitudes formuladas polo propio estudantado e a persoas usuarias externas. A maior parte das adquisicións foi feita á Librería Pons, Librería Xiada, Livraria Suévia, Pórtico Librerías e Starkmann. Así as cousas, no día 31 de decembro de 2015, a colección da biblioteca constaba de 108.546 monografías en papel. Desa cifra, convén subliñarmos a incorporación de 2500 volumes de novo ingreso, dos cales 1.176 chegaron a través da compra e 367 mediante a doazón ou o intercambio. Canto ao fondo de publicacións periódicas, é composto por 1.173 títulos, dos cales 242 están abertos en formato papel e 931 fechados. Noutra orde de cousas, o material non libresco da biblioteca (cartaces, discos compactos, DVDs, fotografías etc.) chega á cifra de 2.030.

2. Persoas usuarias e sistemas de empréstimos

Relativamente á utilización que se fixo dos materiais bibliográficos e ao sistema de empréstimos, os datos que se coñecen no día 31 de decembro de 2015 son os que se sinalan na seguinte táboa:

ESTADÍSTICA DE CIRCULACIÓN (PRÉSTAMOS)		
	Xaneiro-Decembro 2015	
Tipo de persoa usuaria	Percentaxe	Total
Estudantado	25.3%	3728
Alumnado 3º ciclo	5.4%	791
Persoal administración e servizos	6.2%	917
Autorizado externo	11.3%	1657
Profesorado	16.0%	2350
Profesorado visitante	0.8%	120
Estudantado Fin de carreira	15.4%	2263
Usuario biblioteca	4.0%	588
Préstamo enterbibliotecario	0.8%	119
Erasmus	3.8%	555
Sénior	0.0%	3
Mestrados	7.6%	1114
Bolseiras e bolseiros de investigación	3.5%	522
Total	100.0%	14727

3. Persoal e bolsas de colaboración

Noutra orde de cousas, o cadro de persoal da biblioteca é o seguinte:

(a) Quenda de mañá

Directora: Marta Lago Méndez
 Bibliotecaria: Carmen Rodríguez Veiga
 Auxiliar Técnico de Biblioteca: Xerardo Rodríguez Xusto.

(b) Quenda de tarde

Bibliotecaria: Rosa Martínez Val
 Auxiliar Técnico de Biblioteca: Patricia Rodríguez Blanco

Canto ás Bolsas de Biblioteca, en setembro de 2015 incorporáronse dúas novas bolsairos no marco da *Convocatoria de bolsas de colaboración para a formación complementar do estudiantado da Universidade da Coruña. Curso 2015/2016*. A duración das bolsas é de 9 meses entre o día 1 de outubro de 2015 e até ao día 30 de xuño de 2016, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que a dedicación diaria poida exceder as 4 horas. As persoas adxudicatarias das anteditas bolsas foron Laura Vázquez Freijedo e Noemí García Rodríguez.

5. Instalacións e equipamentos

Ao longo deste ano, leváronse a cabo algunhas actuacións mínimas destinadas a melloraren o servizo e os recursos existentes, das cales se fixo cargo a Facultade. Así, hai que sinalar que non houbo mudanzas nas equipas informáticas a respecto do ano 2014, que se manteñen como se indica no seguinte cadro:

Escáner da oficina	1
Escáner para uso público	1
Reprodutor Dvd/Blu-Ray/Vhs	5
Tv	2
Equipo de dixitalización	2
Reprodutor de casetes	2
Lector de microfilmes	1

No referente aos equipos informáticos xerais, non houbo mudanzas substanciais realtivamente ao ano 2014, segundo se sinala a seguir:

PC oficina	
Dirección	1
Sala de catalogación	2
Mostrador préstamo	1
Biblioteca-Arquivo Francico Pillado Mayor	1

Opac/PC consulta	
Andar -1	1
Andar 0	2
Andar 1	1
Andar 2	1

PC consulta	
Andar 0	2

Impresoras oficina	
Total	4

Impresoras públicas	
Total	3

No concernente ás instalacións, notábase a falta de espazos para o alumnado e profesorado de forma a elaborar traballos en grupo de tipo académico. Atendendo a esta necesidade, a biblioteca decidiu habilitar en 2014 a sala de audiovisuais e convertela nunha sala de traballo con oito postos, a cal é uns dos espazos máis solitados durante o ano 2015, a termos en conta o suceso na súa ocupación (100%).

5. Traballos no RUC

O Ruc, Repositorio Institucional da UDC, recolle, difunde e preserva as publicacións dixitais en acceso aberto, produto da actividade científica e institucional da UDC. Desde a biblioteca do centro son introducimos e publicados os traballos dos investigadores e das investigadoras que o indicaren, ben como os traballos de fin de grado (TFG) e de mestrado (TFM) que foren seleccionados polas respectivas comisións.

TFM (2014/2015)	Total: 6
------------------------	----------

TFG (2014/2015)	Total: 8
------------------------	----------

Traballos/artigos do profesorado e das persoas investigadoras (2015)	Total: 10
---	-----------

6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca

6.1. Traballo técnico

A continuar a liña de anos anteriores, as tarefas máis salientábeis desenvolvidas polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- a) Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás titulacións impartidas no centro, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias leccionadas na facultade. Están dispoñíbeis na biblioteca máis de 90 % dos títulos recomendados e foron adquiridos máis exemplares dos libros solicitados polas persoas usuarias.
- b) Adquisición de obras de novo ingreso para os cursos de grao e para os mestrados. Entre os meses de xullo e setembro actualizouse no programa Millennium, na súa aplicación de reserva de cursos, toda a bibliografía recomendada por profesor e signatura.
- c) Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, quer por compra, quer por doazón ou intercambio.
- d) Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar do centro acondicionado para tal fin.
- e) Baleirado analítico de todos os artigos publicados polo profesorado da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca do centro.
- f) Baleirado de artigos na base de datos Dialnet, que é un portal integrador de recursos (libros, revistas, teses...) e unha das principais bases de datos de contidos no mundo hispánico.

- h)** Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña que conteñen traballos publicados polo profesorado da facultade.
- i)** Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.
- l)** Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.
- m)** Estudo da colección e, se necesario, traslado ao depósito dos volumes de monografías de escasa utilización.
- n)** Realización inventario dos fondos existentes na biblioteca: ao longo do ano realizáronse diversos recontos dos fondos de libros. Estes traballos serviron para se detectaren documentos extraviados, mal colocados ou deteriorados. A cifra final o número de libros extraviados foi de 53, o que supón unha número pouco representativo dada o volume de consultas e o cómputo xeral dos fondos.
- ñ)** Inventario e actualización de todos os títulos de revistas que enforman a colección da hemeroteca da Facultade; con estas tarefas foran detectados exemplares mal colocados, erros tipográficos no catálogo e varios números desaparecidos.

6.2. Formación

Entre as actividades desenvolvidas polo persoal da biblioteca cómpre salientarmos o curso de presentación do servizo ao alumnado de novo ingreso, organizado no marco das *Xornadas de acollida* no mes de setembro (*vid. supra*). Tamén se impartiron varios seminarios específicos, pensadas nomeadamente para esudantado dos últimos cursos de grao, dos mestrados e do doutoramento:

- a)** Curso sobre iniciación da biblioteca para o estudantado 1º curso dos graos (07-10.09.2015): 64 estudantes:
- b)** Curso sobre recursos electrónicos da BUDC para o alumnado dos mestrados (08.11.2015): 14 estudantes
- c)** Curso sobre bases de datos, pensado para o alumnado de 3º ciclo (14.11.2015): 8 estudantes.
- d)** Obradoiros de extratexia e visibilidade: 13 profesores (4 horas cada cal).

6.3. Outras actividades

Xa en último lugar, deixando de parte a doazón feita por D. Francisco Pillado Mayor dun retrato da actriz María Casares, realizado pola pintora Marta Paz, e posterior recepción, enmarcado e acomodación na entrada á Biblioteca, na sección das outras actividades celebradas ou organizadas polo Servizo de Biblioteca, convén pór en destaque as seguintes:

- a)** Participación mostra de Mulleres nas bibliotecas da UDC (08.03.2015) coa figura de George Elliot.
- b)** Colaboración na maratona de lecturas de traducións de textos para o galego *NO galego cabe no mundo* (13-17.05.2015).
- c)** Exposición bibliográfica na Biblioteca por causa do Día das Letras Galegas sobre as autoras e autores homenaxeados desde 1963, cunha lectura continuada: *53 anos alumando a nosa lingua* (05.2015)
- d)** Exposición *Un mundo nos libros* (06-08.2015).

e) Literatura no cine (10-11.2015).

Por outra parte, a tamén se colaborou coa UDC na exposición *25 aniversario da UDC*, na sede da Fundación Barrié, cun córner coa documentación da Colección Francisco Pillado. Ao mesmo tempo, como vén sendo costume todos os anos, ofertanse a outras bibliotecas os duplicados da nosos fondos; este ano fixose un envío a Biblioteca-Hemeroteca de Estudios Mindonienses. Outrosí, tamén se desenvolveu este ano a *VII campaña de transmisión de libros*: liberáronse 208 libros, 61 publicacións periódicas e 11CDs., todas produto das doazóns do servizo de publicacións, doutras institucións, dos duplicados da biblioteca e de contributos dos profesores Carlos Velasco e José Liste Noya.

F. MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña aposta firmemente nos programas que facilitan o intercambio de estudantes e de profesorado con outras institucións académicas. Boa proba disto é que se trata do centro que máis alumnado estranxeiro recibe percentualmente de toda a UDC. A Comisión de Relacións Internacionais da facultade, presidida pola Sra. Vicedecana María Jesús Cabarcos Traseira, encarrégase de xestionar eses convenios e de asesorar o estudiantado das titulacións ofertadas no centro que participa en tales convocatorias de internacionalización, ao paso que tamén se ocupa dos labores de acompañamento de estudantes provenientes do estranxeiro que veñen á Facultade de Filoloxía.

A mobilidade, ao lado da calidade da docencia e da investigación, é considerada presentemente un dos alicerces do ensino universitario. Non se torna extraño, por tanto, que vire un dos indicadores máis valorizados nas avaliacións das axencias públicas de calidade, do cal é plenamente consciente a Facultade de Filoloxía. Neste sentido, varios son os aspectos capaces de sintetizaren a proxección dese intercambio internacional, en harmonía cos programas xa existentes, do tipo Erasmus+, Erasmus Mundus, Leonardo da Vinci etc. (dispoñíbeis en <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/index.html>). Na reunión da Xunta de Facultade de 17.12.2014 aprobouse por asentimento a listaxe de nomeamentos de titoras e titores académicos de intercambio propostos, cuxa figura vén recollida no *Regulamento de Mobilidade Internacional da UDC* (aprobado polo Consello de Goberno do día 20.12.2012).

No xeral, o ámbito da internacionalización pode resumirse nas seguintes seccións:

- (1) Visitas de profesorado doutras universidades
- (2) Profesorado participante da facultade
- (3) Alumnado implicado nos programas
- (4) Convenios asinados

1. Visitas de profesorado doutras universidades

Ao longo do ano 2015, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu 6 visitas:

Nome: Séverine Grélois
 Institución: Université Paris-Est Créteil Val de Marne

Nome: Malgorzata Joanna Plonczak
 Institución: Ateneum-Szkoła Wyższa w Gdańsku

Nome: Malgorzata Godlewska
 Institución: Ateneum-Szkoła Wyższa w Gdańsku

Nome: Hadrian Aleksander Lankiewicz
 Institución: Ateneum-Szkoła Wyższa w Gdańsku

Nome: Nicoleta Cinpoes
 Institución: University of Worcester

Nome: Jurgita Kereviciene,
 Institución: Vilnius University

2. Profesorado participante da facultade

Igualmente, tendo en conta os datos dispoñíbeis presentemente, participaron en accións de internacionalización as seguintes persoas:

Nome: Cabarcos Traseira, María Jesús
 Institución: Ateneum-Szkoła Wyższa w Gdańsku

Nome: Cabarcos Traseira, María Jesús
 Institución: University of South of Wales

Nome: Crespo García, María Begoña
 Institución: Vilniaus Universitetas

Nome: Lorenzo Modia, María Jesús
 Institución: University of South of Wales

Nome: Samartín López-Iglesias, Roberto
 Institución: Universidade do Porto

Nome: Tucci, Emiliana
 Institución: Università degli Studi di Perugia

Nome: Valcarcel López, María Eva
 Institución: Università degli Studi di Bergamo

Nome: Vizcaíno Fernández, Carlos Cayetano
 Institución: Uniwersytet Jagielloński

Nome: Woodward Smith, Elizabeth
 Institución: Ateneum-Szkoła Wyższa w Gdańsku

3. Alumnado implicado nos programas

Tal como foi sinalado máis arriba, a Facultade de Filoloxía é o centro da Universidade da Coruña que maior percentaxe de estudiantado estranxeiro recibe nas súas salas, o que a converte sen dúbida nunha das referencias na internacionalización do alumnado. En cifras actuais, centrándonos no ano académico 2014-2015, recibíronse 104 estudantes, en canto no presente curso 2015-2016, o número, aínda provisorio, chega a 95; ese alumnado é procedente de diversos países europeos e americanos (Alemaña, Bélxica, Chipre, Estados Unidos, Finlandia, Franza, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romenia, Turquía etc.).

Por súa vez, canto ao estudiantado de aquí, no curso 2014-2015, 21 persoas da facultade decidiron implicarse nestes programas de mobilidade e foron cursar unha parte dos seus estudos ás universidades con que existen tales acordos. No tocante ao ano 2015-2016, houbo 18 estudantes saíntes, mais, a este respecto, interesa ponderar que na actualidade aínda se está á espera de recibir datos sobre a situación final do alumnado do presente curso, co que se espera, durante o segundo cuatrimestre, un certo acrecentamento.

4. Convenios asinados

Finalmente, ao longo do ano 2015 foron renovados ou tramitados convenios con diferentes universidades que posibilitarán novas modalidades de intercambio ou que contribuirán para asenatr as xa existentes: Aichi (Xapón), Bruxelas (Bélxica), Évora (Portugal), Guadalajara (México), Kazán (Tatarstán / Federación Rusa), Minho (Portugal), San Diego (Estados Unidos), Rio Grande do Norte (Brasil), Worcesterster (Reino Unido), Zielonogórski (Polonia) etc.